



MOCIÓN SOBRE O INCUMPRIMENTO DOS PRAZOS POR PARTE DO GOBERNO MUNICIPAL NA TRAMITACIÓN DAS PREGUNTAS CON RESPOSTA ESCRITA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das principais tarefas que teñen encomendadas os grupos políticos nos sistemas democráticos é o control da acción do Goberno, tarefa que resulta vital no bo funcionamento das institucións públicas.

Para levar a cabo as súas funcións, os concelleiros e concelleiras e os grupos municipais teñen garantido legalmente o exercicio do dereito á información, un labor que se concreta a través de varios tipos de iniciativas. Unha das máis básicas, xunto coa propia solicitude de información, é a formulación de preguntas sobre as distintas cuestións relacionadas coa actividade e co goberno municipais.

Segundo o regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela, as preguntas que se lle formulan ao Goberno por parte dos grupos da oposición para a súa resposta por escrito dispoñen dun prazo para a súa contestación de 15 días, podendo estenderse o prazo outros 20 días máis “a petición motivada do destinatario ou destinataria da pregunta e por acordo do presidente ou presidenta do Pleno”.

Desde o inicio do mandato, o Grupo Popular presentou medio cento de preguntas para a súa resposta por escrito das que foron respondidas aproximadamente a metade, varias delas superando o prazo establecido.

Pero a día de hoxe, permanecen sen responder aínda máis dunha vintena de preguntas, a maioría co prazo para a súa resposta superado en máis de un mes, mesmo unha ducia delas formuladas no pasado ano 2015.

Co fin de resolver esta situación e de cumprir coas obrigas establecidas na propia normativa de funcionamento do Concello, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa consideración por parte do Pleno o seguinte



ACORDO:

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a cumprir co establecido na Regulamento Orgánico Municipal do Pleno de Santiago de Compostela respondendo de forma inmediata ás preguntas con resposta escrita formuladas polos grupos municipais que aínda non foron contestadas, a pesar de ter o seu prazo amplamente superado, e a respectar no futuro as datas de resposta que o citado regulamento establece.

Santiago de Compostela, a 18 de xullo de 2016:



Alejandro S. Brunete Varela
Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular